Considero tamén que toda esta polémica de "As Gaitas da Guerra" vai quedar en nada mentres non nos pronunciamos tanto individual coma colectivamente, pois xa fai anos que se intentaron debates e coloquios en diferentes lugares de Galicia sobre este e outros temas como a modernización da música tradicional galega, sistemas de escritura, etc., e na maior parte deles hai invitados que non acoden ou pechan ás cando non interesa o compromiso (*verdade sr. Foxo?*). Co simple canteo non imos chegar a ningures e o folclore galego non está para eso; é preciso, repito, que nos pronunciamos individualmente os gaiteiros novos e vellos, bos e malos, alumnos e mestres. ¿Qué opinan os miles de bailadores? ¿Ou e que esta guerra non les afecta? ¿Que din as pandeñeras, os cantadores, os compositores...? ¿Estades mortos ou tendes medo a que non vos dean as subvencións por estar na contra? ¿A canto ascenden as subvencións: cen mil, duacentas mil...? ¿Coidades que por eses carlos podemos deixar atundido barco e que cada quen apáñe o que poída dos restos do naufraxio coma viles piratas da terra? ¿E que vades perder amigos por estar a favor? ¿Dende están as federacións folclóricas, veciñais e culturais?

Xerardo Fernández Santomé (Vigo).

A NOSA TERRA
9 de novembro de 1995

Defensa, pacífica, da gaita galega

Patética é toda esta polémica das gaitas, pero non é menos patética a polémica de celtismo si ou celtismo non. E o llo aumenta cando alguén, como Martinho Lopes na sua carta publicada o dous de Novembro, mistura os dous temas. Se eu son celta ou non, non o sei e dame igual, pero sei o que non son e que cultura non é a miña, e esas bandas de gaitas para-militares e pro-escocesas non son da miña cultura.

Comenta este leitor que "os nosos guerrilleros na batalla de Pontesampaio caminhan na defensa da pátria com gaitas ao fronte", pois moi ben, e penso eu a quem estarán defendendo estas bandas de gaitas paramilitares actualis? pois á Xunta de Galicia que non hai que esquecer que é a culpable desta normaliva pro-castelán que estamos a sofrir e que tanto ataca o señor Martinho. E que Pátria defenden? pois a pátria española do señor Fraga con gravaciones coma a do hino español nun disco da Real Banda de Ourense e cunha peza para a voda da infanta Helena noutra gravación dos seus solistas.

Di tamén que hai que luchar contra a colonización musical hispano-magrebí e doula a razón pero el esquece que tamén estamos a vivir unha más poderosa colonización da música anglofona, música e cultura que oprimiu e segue a oprimir esas nacións célticas das que fala este leitor, nacións e músicas das que eu tamén gosto molto, por iso non quero nada coas mas imitacionais como a que se fan por aquí.

Sobre Os Diplomáticos coincidimos nun punto: de rock bravu nado. Así temos ao seu líder, o señor Xurxo Souto, como guionista dun dos programas más reaccionarios da TVG como é Luar.

Nesta polémica das gaitas o asunto das saias xa está, na miña modesta opinión, agotado. É hora de deixar apartada a forma das gaitas e falar sen medos dunha militarización que non é nosa, e non me falen outra vez da batalla de Pontesampaio, se tanto queren volar atrás escreban na lingua dos devanceiros que xa nos buscaremos tradutores. As suas percusiones son pro-escocesas e o seu bastón de mando, polo de agora, é do españolista señor Fraga. *

MANUEL CORREA "PIPAS"
(VIGO)

Señores da banda "Charamuscas": por máis que lin e relín as "Cartas ó director" destas últimas semanas, na procura da mentada por Vds. onde o Sr. Estévez Vila, mestre de Gaita e mestre superior de Muxicoloxía, "...comparou ou quiso comparar á banda dunha parroquia de Vigo (Banda de gaitas Charamuscas, da Asociación Cultural de Helios de Bembibre), con algo semeillante a unha Pipe Band ou banda escocesa..." non din atopado semellante escrito, e lles podo asegurar que son un seguidor permanente da cuestión.

O que sí atopéi é unha referencia do Sr. Estévez que mostra preocupación a extensión do fenómeno (proliferación de bandas de gaitas paramilitares, calcando os modos e as formas escocesas) "...a outras provincias como Pontevedra, onde xa unha parroquia de Vigo e noutra de Mos, dánse agrupación deste tipo...", pero nesta referencia non cita nome ningún. Faltariane algúna nota de prensa? Ante esta hipótese, paxémenme en contacto con colegas que sei seguían de preto o proceso e me confirmaron que eu xa as titula todas.

Ante esta realidade so me queda reflexionar que se alguém se ría porque lle pica. Pero xa mo contarán vostedes. Unha vez clarificado que non sei de onde poideron sacar o manifestado por Vds. na súa carta publicado no FARO do día 27-10, quixera aproveitar a ocasión para aplaudirlles polo resto da súa comunicación, onde afirman que vostedes empregan traxes tradicionais, gaitas galegas e non tocan percusiones tipo Premier, nen timbaletas, nen teñen ritmos militares. Admiten tocar (e admítilo xa é un avance), con parches de plástico e non con percusiones tradicionais, argumentando que tocar tambores de pel con máis de vinte gaiteiros, non é posible.

Lamento ter que entrar en contradicción, pero

isto é falso, tal como están a demostrar as bandas de gaitas que andan por Galicia con percusiones tradicionais. O mellor o plantexamento deberá ser se fallan os tambores (elementos inertes empregados para facer cosas) ou os tamboireiros (personas vivas encargados de facer soa-los instrumentos). Ou cecás é un problema de ensino.

En fin, non sei, vostedes saberán. O fio desto falan tamén de outras bandas existentes en Vigo e bisbarra que están a empregar percusiones de plástico. Xarabal é a más exemplarizante (sinceiramente, direi que eu penséi en Xarabal lendo a carta do Sr. Estévez, dado que o Sr. Corral foi un dos primeiros responsables de traer percusionistas extranjeros a dar cursos de Premier escocés, como todo o mundo sabe). Miren vostedes: non existen por parte de Xarabal nin da súa dirección, estudos coñecidos sobre a percusión galega e o seu emprego nas bandas, nin nunca se preocuparon o máis mínimo por evolucionar os nosos instrumentos tradicionais de percusión, dándoles exactamente o mesmo o que poidera ser deles no futuro.

E o outro exemplo, "...ó extraordinario Carlos Núñez..." tocó e toca acompañado con Premier, ou seña, tambo escocés con parches de plástico. ¿Por qué será? Deixo para outra ocasión o tema da liga de gaitas, que ten moito que falar e moitas "bases" que reproducir, para que vostedes poidan apreciar a parcialidade e manipulación que existe nese novo mundo das Bandas de Gaitas de Competición.

Hai que desfilar, sí marca-lo paso como na milí, tocar en tonalidades preestablecidas e moitos etc... Quedan para outra carta.

■ Xosé Manuel Fernández Costas. Vigo.

As gaitas, en galego!

Hai cinco minutos lin a última carta en defensa da Real Banda de Gaitas da Deputación de Ourense e doutras formacións afins que saíu neste periódico. Unha vez máis o autor dunha destas cartas pormantas flores no seu texto que non me deixa ver un xardín que posiblemente non existe. Unha vez máis poñen tanto amor por Galiza que case me poño a chorar. Unha vez máis a carta está nun castelán tan perfecto que eu pensaría que o seu autor é de Burgos ou Palencia, pero non, este último defensor é de Compostela, cidade áfina ceibe desta peste de bandas proescocesas paramilitares que tanto gostan a esta persona.

O señor Manuel Muñiz, autor da carta do 25 de outubro, fala das técnicas avanzadas de ensino de gaita e percusión na Deputación de Ourense, dos seus profesores especializados e dos medios audiovisuais, e digo eu que se este señor quere tanto a nosa terra debería en primeiro lugar recurrir ás tamén avanzadas técnicas do ensino do galego con profesores especializados audiovisuais e sobre todo escutar ós nosos músicos e cantores tradicionais.

O señor Muñiz di que viaxa moito e por iso debeu esquecer o sabor e o sentimento do noso folklore igual que a Real Banda que tanto é aplaudida no extranxeiro porque descoñecen a nosa música.

O caso da emigración é complicado, moitos con só oír unha gaita xa chorán, e non pensan nos posibles tres roncos para arriba nen na percusión galega ou non.

Esta carta xa estaba rematada na liña anterior e metida nun sobre. Pero camiño do buzón de correos do meu barrio hai un kiosco no que entrei a mercar o periódico, estou xa no día 26,

abréño, como non, pola páxina das cartas e atopei dúas máis na defensa destas formacións más circenses que musicais que atacan ó noso pobo, duas máis e outra vez nun perfecto castelán.

Vou coa primeira: o señor Antón Reixa é atacado pola súa non neutralidade no seu programa de Radio Voz BuleBule. Na miña opinión un periodista só debe ser neutral cando fai un debate, e o outro día o señor Reixa estaba ofrecendo unha exposición de ideas dos dous possibles bandos que en realidade de non o foron, xa que, por exemplo unha persoa como Mercedes Peón, que vive do noso folclore con criterios pouco éticos, fuxiu das preguntas do presentador e non se posicionou no tema. Un periodista debe tentar que se conte a verdade e descubrir as mentiras, e iso foi o que sucedeu.

Coa segunda carta vou ser ainda mais breve. Di o seu autor que hai que criticar a invasión de música andaluza, e todo isto nun perfecto castelán como se en Andalucía afinda se falase a fermosa lingua dos mouros.

E xa remato que teño que ir a dar clases de gaita e percusión, as dúas galegas e con técnicas galegas, as nosas montaxes "circenses", moi distintas ás destas formacións, deixáremolas para o antroido ou para algunha outra farra especial.

■ Luis Enrique Correa.
Vigo.

"De un frustrado profesor de gaita"

O pasado xoves dia 12 de outubro saliu no seu diario unha carta co título "El salvador de la Gaita", asinada por Antonio Castro Requejo ó cal non teño a sorte de coñecer persoalmente nin sei cal é a súa relación co mundo do folclore e a tradición musical galega. Gustariame te-la oportunidade de facerelle chegar por este medio os meus puntos de vista sobre as afirmacións á exposita, tendo en conta que la referido a miña persoa:

Primeiro de todo quixería Sr. Castro agradecelle que se molestase en facer a carta e prestarle ese tempo e atención a un "frustrado profesor" (como vostede elegantemente me califica). Támen agradecelle que me chame "Salvador de la Gaita" (que máis quixería), alínda que penso non fixen méritos suficientes polo de agora. Por outra banda desculpe que me atreva a puntualizarlle e matizar algunha afirmación feita por vostede e que coido que por algún erro de imprenta ou confusión nas fontes de información chegou a incluirse nas súas manifestacións.

Aínda que vostede non me coñece persoalmente (nun eu a vostede) opina sen dúbida ningunha que "se trata de un frustrado profesor de gaita..."

¡Home, o mellor ten vostede razón!, o que pasa é que eu non sei se un mestre pode considerarse frustrado cando —por exemplo— os 18 anos consegue unha proba-concurso a praza de mestre de Gaita nun Conservatorio Superior de Música, funda e dirixe unha Banda de Gaitas de más de 25 alumnos durante anos cunha interesante traxectoria (en Ourense precisamente acadan o 1º premio de Galicia de Bandas de Gaitas en 1985), pode dicir que alumnos seus forman ou formaron parte de grupos como Matto Congrio, Chouteira, Noitarega, Muxicas... edita no ano 1987 un dos poucos libros de gaita galega existentes no mercado; e é actualmente Mestre desta especialidades nun dos pouquissimos Centros de Música que en Galicia dan o título profesional de Gaita. ¿Vostede sentiríase moi frustrado por iso?...

En segundo lugar vostede afirma ainda sen

nos coñecermos: "intentó redimir el elido da gaita con una publicación que ni para él ha servido". Con humildade teño que manifestarille que non podo compartir tal afirmación: a miña publicación é froito de 4 anos de experiencias pedagógicas dun mestre que daba 30 horas semanais de clase de Gaita no conservatorio. Dalgún interese debe de ser cando a propia Consellería de Cultura subvencionou parte do traballo coa adquisición de centos de exemplares que distribuílo tanto na Galicia interior como na exterior; dalgún interese debe de ser cando unhas das principais editoriais galegas ten esta obra nos seus fondos de distribución; dalgún interese debe de ser cando se esgotou a 1ª edición e tiveron que facer reimpressions; dalgún interese debe de ser cando dúas eminentes da Música e Cultura deste país como son D. José López-Caló e D. Xosé Filgueira Valverde prologaron presentaron publicamente no seu dúa este traballo...

En terceiro lugar, doulle toda a razón no da Catedra, porque é verdade que non existe como tal, pero ¿de onde sacou que eu faga gala diso? ¿en que páxina do meu libro ven a palabra Catedra? ¿non me confundirá con outro? ¿non lle parece grave basear grande parte da súa crítica nun punto que de ningún xeito se me pode atribuir?...

En cuarto lugar, non me lembro ter dito que os meus compañeiro non saben nada de folclore, nin de acusar a ningunha de reconhecido prestixio de falso investigador. Amás gustariame saber cales son os temas "de los cuales se ve que no sabe casi nada", e dos que, polo tanto, vostede me podería asesorar no futuro.

De todos xeitos, Sr. Castro, eu quero darlle as gracias porque persoas como vostede co seu estilo respetuoso, sólidas argumentacións, nivel de información e poder de convicción son dignas defensoras dos "prestixiosos investigadores" cos que vostede se identifica, e as melhores aliadas dos que pretendemos que nun futuro próximo a gaita galega deixe de ser unha especie en perigo de extinción.

Xaime Estévez Vila (Vigo)

2º Atlántico

Miércoles, 15 de noviembre de 1995

•Cartas ó Director

Aclaracións ó tema das gaitas.

Con esta carta só pretendo facer algunas aclaracións sobre os problemas actuais da gaita, xa que o mes pasado foi publicada neste xornal unha carta que trataba este tema e que, na miña opinión, semellaba bastante confusa.

O Colectivo de Gaiteiros Galegos Con Conciencia, un numeroso grupo de gaiteiros de toda Galicia, xorde coa intención de informar á xente do perigo que está a sufrir a nosa cultura musical.

O problema é que está a haber unha introdución descarada de elementos alleos á nosa cultura (escoceses) e se están facendo pasar como gaiteiros. A representación máis clara de todo esto é a Real Banda de Gaitas da Deputación de Ourense. Esta banda mercada en Escocia, desfila e actúa a imitación das bandas escocesas, as gaitas que utilizan son un "invento" que consegue que visualmente parezan gaitas escocesas, e levan traxes con saias a moitas das súas actuacións.

Os Gaiteiros Galegos con Conciencia estamos a favor de todo o que tenha que ver coa evolución da gaita galega, pero non queremos que a xente estea enganada por algunas persoas que non teñen máis imaginación que para copiar o que se fai noutras lugares do mundo. A nosa cultura é o suficiente boa como para valerse por si soa. Nós non temos nada en contra de ningunha, nin en vexa, nin estamos manipulados políticamente, só queremos o mellor para a música galega.

Magoia Bodega Pérez.

La Región
novembro de 1995

Xornal MONTECASTELO
novembro de 1995

■ Tratan de que os gaiteiros sexamos militares

Xa fai tempo no reinado do castellanismo a da dictadura os gaiteiros prohibiron tocar nas igrexias, fomos insultados, tratados de todo, e agora estamos na democracia no reinado das autonomías e os gaiteiros tradicionais non notamos qué moitas cousas cambiaron, por defender a nosa música tradicional. Quitannos todo o apoio económico, desplazannos e inda porriba funcionarios que están cobrando da Deputación e se teñen por musicólogos, por señores da alta sociedade, que xa non queren saber nada dos gaiteiros rurais, como xa algunas veces nos charmou, anque él é más rural que nós, porque se criou nas serras do Cau-ral, pois este mesmo se atreve a insultarnos nun programa de radio de Antón Reixa, tachándonos de terroristas demagóxicos polo que estamos a facer, e pregúntome, ¿e o que está a facer el qué é? Porque nós defendemos a nosa música tradicional e os cartos de todos gaiteiros, pero o señor Foxo qué defende, ¿o seu peto? Pregúntome outra vez, se cambiarán os tempos

• • •
para nós, xa que seguimos maltratados casi igual, discriminados, desplazados; e para nós agora é peor, porque agora, por riba, inda tratan de borrar a nosa identidade, a tradición do gaitero que toca para que a xente baile e se diverta, agora tratan de que os gaiteiros sexamos todos militares firmes coma estacas e desfile tras desfile polas rúas.

Que para os políticos, que xa non saben cal foi sempre a nosa música tradicional ou que nos querem vender a imaxe de que son moi galegos os que saen na televisión tratando de defender a autonomía galega, pois o gaitero é tamén da autonomía e de tradición galega, porque o gaitero vai por todo o mundo representando a nosa cultura musical galega por eso sempre hai que cuidala para que sexa o más tradicional posible e nos represente dignamente. Eu pediríale a todos os políticos que sexan máis galegos, que miren polas rai-

ces da nosa terra, como o están facendo os cataláns e os vascos,... que defendan dignamente o que é noso e do que todos deberíamos de estar orgullosos. Estamos de acordo que se pode mellorar, pero unha cousa é mellorar e outra é cambiála totalmente por outra foránea que nada ten que ver coa nosa, porque o conxunto de todo así o define, gaitas, percusión, mazas, vestimenta e maillot bastón militar, música e forma de desfile, a ninguén lle queda dúbida de que esa é unha copia total dos escoceses, áinda que reconécamos que teñen que melloralo algo máis para que sexan idénticamente iguais.

E xa abonda de queremos seguir enganando e querer meternos gato por lebre, non hai argumentos nin xustificacions que non demostre que eso foi un total fracaso é de seguir así os únicos que se beneficiarían serían os petos de algunos que estamos a ver como ano tras ano van medrando, e os máis perjudicados serán os nenos que algúns

día veránse perdidos entre o gaito e o escocés e non serán nin unha cousa nin outra, pasarán como os antigos alemáns que despois de tantas guerras non foron separados polo muro da vergoña. ¿E os futuros gaiteiros non esperan que pase o mesmo de seguir así? Chegou a hora de ter que dar todos a cara dunha vez, e non deixarnos embauar por falsos mestres da música tradicional, por falsos musicólogos e polos defensores da música escocesa, xa está ben de tanto engano.

Un gaitero con experiencia

Estas Cartas al Director enviadas a este periódico deberán estar firmadas y acompañadas con el número del DNI y teléfono, en su caso. La Región se reserva el derecho a resumirlas cuando lo considere necesario y no devolverá los originales.

LR

ATLÁNTICO DIARIO
17 de decembro de 1995

Galicia caníbal

Houbo un tempo no que Galicia era un territorio cuns límites físicos definidos por elementos naturais (rios, montes, etc.), nella vivían xentes moi semellantes nese xetto de vivir e nos comportamentos, falaban a mesma lingua... resumindo, éramos un pobo claramente diferenciado do resto de Europa. Logo noutro tempo, cando un home bravo de Tui chamado Don Peleao (motos d'que era asturiano) empezou o que se chamou a Reconquista da Península Ibérica, sucederónse unha serie de acontecimentos de doma e sometemento, como a mutilación do territorio imponendo uns límites políticos irrealis, introducindo administradores foráneos, xuces, cregos, etc., a partires de entón e gracias a un sistema político unionista e de uniformidade imposto polos reis Católicos, como por encantamento, aparece en Galicia unha tribu caníbal agochada entre a xente que se dedica a fagocitar tanto ésta terra ter de seu que a fai diferente.

Refírome a eses persoellos populistas sen esquelete, que din públicamente mellor inglés que gallego, ou mellor saia, gaita marcial e timbaleiro ca gaita, tamboril e bumbo gallegos. Estes individuos crean as súas propias células de poder condicionado ao pobo dependente, de xetto que ou collen o que lle dan, ou non hai outra causa. Actulan coma cancrios de conciencias sementando incertidumes ao non pronunciar información sena, ao non da-la oportunidade de escoltar, ao nosearse da cara política que os protexe e alimenta económicaamente coa condición de que o pobo desinformado quede engañoado coas xeniais ideas dos salvadores do atraso gallego.

Relacionar o galego co atraso é a resposta máis común ante este tipo de actitudes, e buscar debaixo das pedras se fal falla para atopar argumentos que encaixen coa "idea dignificadora" non é o que faría unha persoa de ben, non sería serio, como tampouco o sería se eu me empeñase en demostrar que o marabilloso pobo escocés gracias a un nativo que pasou por Tui de visita, copiou a indumentaria e a gaita dos iconos e grabados esgrimidos como resposta á pregunta que se fai todo o mundo cando ve á banda de gaitas da Deputación de Ourense.

No pretendo marcar camiño e seguir nin establecer la ortodoxia no eido do folclore gallego, non me mal entenden, pretendo conseguir un razoamento e unha concienciación nas persoas que lean este escrito porque ante os acontecimentos que de un tempo acá se venen sucedendo na teima declarar o que é ou non gallego, semella que os gaiteiros somos uns guerrilleiros que non temos nada que facer e que nos dedicamos a amolar aos que traballan e fai alto polo nosa cultura. Non é iso, é que a nosa cultura en xeral está deixada alí para que o espabilado de turno faga dela o que lle peta sen encorendarse a ninguén, ¿por qué non hai unha lei de protección do folclore como noutras comunidades? ¿por qué non hai unha lei de protección? Para a Consellería de Inscultura da Xunta de Galicia está ben así, mandan es votos, ¿e para o Consello da Cultura Galega? ¿también vale como está?, ¿para qué se crean organismos que non cumplen o seu cometido?

Se nos pñomos a pensar por un momento o que vai suceder na provincia de Ourense a curto prazo cos tan cantados 8.000 alumnos da escola da Deputación de Ourense, gracias ao ensino que levan na interpretación da música na gaita e na percusión con timbaleiras e bombos de macicas polo aire, non é difícil de adivinhar: a población ourensá será o exército para o que desfile a sua real (0.25 pts.) banda de polimilis.

Un gaiteiro dicía que hai quien toca o que sabe e hai quien sabe o que toca. Para saberlo que se toca non abunda con ter talento, pode telo calquiero, hai que ter verdadeiro espíritu gallego, materia que non se dá nos conservatorios nin se merca na botica, adquirírese prolongando a vida da nosa fala, da nosa música, dos nossos bailes, dos nossos costumes, etc., non renunciando a eles para desmarcarse dos demás e así non ter nadia que ver co avô que non quixo

deixa-la aldea.

Os gaiteiros que van quedar para alegra-lo espíritu, para bailar, para tocar na taberna (¿por qué non?), en familia, romerías, etc., eses van se-los que foron criados de xeito tradicional, con mestres tradicionais; os que van seguir indo visitar a xente das aldeas para que os sintan e presteselle-la gaita para os sentir; os que segan facendo centos de quilómetros as fins de semana, anque se lle amulete o coche nun barranco como lle aconteceu aos amigos do grupo O Fladeiro este verán nos Ancares; os que van seguir viviendo os momentos de amor e agradecemento indescritibles que profesan éstas xentes saídas de folclore auténtico; os que van seguir saliendo na defensa deles porque morren sen que ningunha institución se preocupe de recollerla a súa sabiduría, os que seguirán dando a cara públicamente informando do que non se fa por esta terra, os que amarran o prestio persoal e do grupo; os que van seguir atrazando calificativos de perseguidores, fundamentalistas, terroristas, e outras marabillas. Estes van se-los gaiteiros evolucionados de forma natural, non photocopias.

A xente que antes descoñecía estas realidades poida que agora comprenda e saiba distinguir o que é un simple xogo artificial, que pode estar incluso ben depende de quién, e o que é de verdade gallego fomentado dende os establecimentos. Pretender ocupar o lugar que lle corresponde por lei é noso auténtico modo de sentir alegando modernidade ou evolución, é unha aldraxa á memoria do noso pobo, unha raposa.

Aldraxes hainas de todo tipo, vexan senón o que pon o doccionario da "Real Academia da lingua española" (aquel todo é real), da palabra "gaiteiro" e das múltiples acepcións sobre da gaita. Pois estas mensaxes aldraxantes, perpetuadas polos intelectuais da oratoria, son as que terán refresco no noso pobo en forma de autocidio que tan fielmente representa a Deputación de Ourense.

Dín os dixitentes deste estamento público estar no bo camiño porque terán morta xente na escola, e preguntome eu ¿8.000 mozas nunha bosteira están tamén no bo camiño?

Os defensores deste movemento transexual, (perdón), coma parvulos din: ténennos enverga porque somos o orgullo de Galicia. Pero home, enverga sana pódese ter do invento por excelencia que é a roda de afiar e do noble oficio de afiar, pero desde outro invento non.

Non fago mais que matinar cal pode se-lo verdadeiro motivo polo que se establece este hibrido, ao que se lle quer迫er denominación de orixe (Ribeiro?) e non dou con él, ¿será unha visión de futuro ante o crecimiento das tribus urbanas, bandas neonazis, ultras, etc.? ¿estaremos perante unha nova Cruzada?

O ideario da Xeración Nós (con sede en Ourense) era: afondar na raizaxe galega, interpretala co mesmo esquema, exalta-la valor do universal, rexeita-la política desgaileguizada e soñar con novos tempos para cultura propia. O da Deputación de Ourense ¿cal será?

Con estes comportamentos o único que consegue é renegar do noso pasado (enverga doutros povos), e iniciar á separación entre irmáns. Unha remediar tan grande carencia de conciencia colectiva da galeguidez. Convén erradicar o antes posible a mentalidade de ser emigrante na propia terra só por te traspasado os límites da provincia de Ourense. Convén que non se crean Centros Ourenseños dentro de Galicia. Convén que os que vivan noutras vilas galegas fóra do seu lugar de orixe, se integren, se censem, paguen os impostos e voten que para iso esa vila os acolle, lle da traballo e non lle pide que renuncien á sua orixe. O contrario é unha práctica incongruente de separatismo, letal para a nosa Terra.

Antón Sánchez Fernández (gaiteiro casa galego) (Vigo)

Los gaiteiros firman la paz en vísperas de la Liga de Bandas

□ Desde 1993 el 'confusionismo' reinaba entre ellos

Mos / ANXO BOENTE

La Asociación Galega de Bandas de Gaita y el Colectivo de Gaiteiros Galegos Con Conciencia firmaron al mediodía de ayer en el Concello de Mos un documento para aclarar y definir conceptos que, en este momento de confusionismo que reina desde 1993, han separado las posturas de ambos colectivos respecto a la forma e interpretación como representativo gallego.

Los dos colectivos firmantes del acuerdo manifiestan conjuntamente que para definir la identidad folclórico-cultural de Galicia están los grupos que realizan el papel de puente transmisor tanto en lo referido al cuerpo instrumental como musical, afirmando que, la gaita tradicional gallega tiene una forma consagrada a lo largo de cientos de años, por lo que cualquier añadido a la morfología centenaria del instrumento se puede considerar como una excepción y, por lo tanto, no admisible en grupos representativos de la tradición gaiteira gallega, considerando urgente la recuperación de las formas interpretativas con sabor gallego tanto en grupos tradicionales como en otro tipo de formaciones ya que las modas pasan pero el espíritu musical permanece.

Fernando Dopico, presidente de la Asociación de Baitas de Gaitas Gallegas; Hipólito Cabezas, presidente de la Asociación de Baitas de Gaitas de Pontevedra, y Luis Enrique Correa, María Xosé López y Carlos Luís Peixoto, por el colectivo de Gaiteiros Galegos Con Conciencia han sido los firmantes de este manifiesto que servirá de punto de partida para un diálogo abierto y sincero con el fin de lograr un entendimiento entre los músicos que em-



MORALEJO

Momento de la firma de las asociaciones de gaiteiros.

plean la gaita como aliciente de la música gallega.

Con este documento se pretende aclarar los malos entendidos existentes desde hace algunos años y definir el futuro papel de cada colectivo y llegar a realizar un congreso organizado por la Asociación de Bandas de Gaitas de Pontevedra para aunar las

posturas y llegar a un nuevo concepto de entendimiento de la música gallega sin llevar el protagonismo de ningún legado cultural.

Esta firma de la paz entre las distintas asociaciones tiene lugar a más de 24 horas de que tenga lugar en el municipio de Mos la primera fase de la Liga de Bandas de Gaitas.

ATLÁNTICO DIARIO

Domingo, 17 de diciembre de 1995

Domingo
17 de diciembre de 1995

El acuerdo, que cierra una década de hostilidades, es fruto de dos meses de negociaciones

La «guerra de las gaitas» llegó a su fin

Representantes de la Asociación Galega de Bandas de Gaitas y del Colectivo de Gaiteiros Galegos con Conciencia, con el presidente de la Asociación de Bandas de Gaitas de Pontevedra como mediador, firmaron ayer en Mos un manifiesto con el que ponen fin a las hostilidades de casi una década conocidas como «la guerra de las gaitas».

MOS. M^º JESÚS FUENTE
Corresponsal de La Voz de Galicia

Los reunidos manifestaron su deseo de que el documento suscrito sirva como punto de referencia y partida para un diálogo abierto y sincero, con el fin de alcanzar un entendimiento entre las personas que emplean la gaita como base de su música. De esta forma se pone fin a «una historia de malos entendidos», según la calificó uno de los asistentes.

En definitiva, los colectivos firmantes admiten que cualquier manifestación musical que utilice como instrumento la gaita es válida, lo cual no quiere decir que se trate de música tradicional gallega, como en ocasiones se ha podido llegar a malinterpretar.

Para evitar situaciones de este tipo, en el acuerdo firmado ayer especifican que las

agrupaciones que se ajustan a la tradición se denominan «escuela», mientras que el nombre de «banda» corresponderá a aquellas que emplean esquemas diferentes y no propiamente gallegos, por lo que cabría establecer una diferenciación. Durante la rueda de prensa ofrecida ayer, quedó claro que no se trata de limitar la libertad musical de nadie, sino de que cada cual tenga clara su postura ante la tradición y el público gallego. También se advirtió sobre la necesidad de evitar el confusionismo, sobre todo, a la hora de optar tanto a subvenciones como en la representación de actos públicos.

Sobre la influencia de la polémica en este tema, los representantes del Colectivo de Gaiteiros Galegos con Conciencia señalaron que en el caso de Orense sí es un fenómeno polémico en el que está presente la



BENITO
El alcalde de Mos y el presidente de la Asociación de Bandas de Gaitas de Pontevedra fueron los mediadores

Diputación. Sin embargo, y rectificando unas declaraciones anteriores, aceptaron la neutralidad del alcalde de Mos Justo González Ballesta.

La negociación para alcanzar el acuerdo no fue fácil. A pe-

nas una semana antes el Colectivo de Gaiteiros Galegos emitía un duro comunicado en el que criticaba la primera fase de la Liga Gallega de Bandas de Gaita, que a partir de las diez de la mañana de hoy se celebra en Sanguinieda, Mos. En el certamen, organizado por la Asociación Gallega de Bandas de Gaita —al que asisten 64 formaciones y 2.300 gaiteiros—, estarán presentes los protagonistas del acuerdo.

El Correo Gallego. Domingo, 17 de diciembre de 1995

♦ QUIEREN QUE NO HAYA ENFRENTAMIENTOS EN EL CAMPEONATO NACIONAL

Tregua entre 'Gaiteros con Conciencia' y federación de bandas

VIGO. Delegación La 'Federación de Bandas de Gaitas de Galicia' y la 'Asociación de Gaiteros con Conciencia' firmaron ayer en Mos un convenio de colaboración para poner fin a los enfrentamientos que venían manteniendo desde hace unos meses a causa de su distinta concepción de la música tradicional gallega.

La tregua se firmó para evitar que en el transcurso del campeonato nacional de bandas de gaitas que se celebra hoy en esta localidad se reproduzcan los enfrentamientos, que tuvieron una especial significación en el Estadio Municipal de Balaídos durante los partidos del Real Club Celta.

Un portavoz de la "Asociación

de Gaiteros con Conciencia" destacó que esta entidad se había comprometido a firmar el convenio si la federación de bandas cumplía una serie de condiciones, entre ellas "que no se presenten como gaiteros tradicionales de Galicia y reconozcan que se dedican a hacer experimentos".

"Si mantienen su compromiso y aceptan estas condiciones nosotros también cumpliremos, pero estaremos a la expectativa", comentó.

Afirmó que muchas de las bandas integradas en la federación "tienen un estilo paramilitar, imitan a los escoceses y utilizar instrumentos de percusión que no tienen nada que ver con nuestra

tradición". El portavoz de gaiteros con conciencia anunció que en el transcurso del campeonato la asociación desplegará una pancarta con el lema "Os nosos instrumentos tradicionais son a nosa identidade" y repartirán folletos informativos sobre la música gallega.

"No queremos que haya ningún enfrentamiento, pero tampoco podemos hacernos responsables si el público reacciona con pitos al enterarse de que esa no es nuestra música", advirtió.

"Es inadmisible que la Xunta de Galicia aporte dinero a unas bandas que defienden a Escocia y no a nuestra comunidad autónoma", concluyó.



LOS GAITEROS PARECEN FIRMAR LA PAZ

Gallego

A Asociación Galega de Bandas de Gaitas e o Colectivo de Gaiteiros Galegos con Conciencia, desexando aclarar e definir conceptos neste momento de confusionismo, manifestan conxuntamente o seguinte:

Actualmente a gaita galega aparece formando parte de colectividades musicais moi variopintas: agrupacions folclóricas, grupos de gaitas, grupos folk, bandas de música, grupos rock, charangas e bandas de gaitas. En cada unha das agrupacions mencionadas adopta un papel e un protagonismo distinto. Asimesmo é acompañada por instrumentos vinculados tradicionalmente á mesma ou non.

En Galicia existen, co apoio do pobo galego, moitos tipos de colectivos musicais que non teñen nada que ver coa música tradicional ou folclórica, aínda que neles participen instrumentos da tradición galega.

Para definir a identidade folclórico-cultural de Galicia están os grupos que realizan o papel de ponte transmisor (adulterando o menos posible o legado recibido), tanto no referido ó corpus instrumental como ó corpus musical.

Por tanto afirmamos que:

- O emprego de percusión feita de metal e plástico, aínda que sexa feita en Galicia territorial, non entraña para nada coa tradición dos nosos centenarios instrumentos de percusión.

- A gaita tradicional galega ten unha forma consagrada ó longo de centos de anos, polo tanto, calqueira engadido á morfoloxía centenaria do instrumento podémolo considerar excepción e polo tanto non admisible en grupos representativos da tradición gaiteiril galega.

- Consideramos urgente a recuperación das formas interpretativas con sabor a galego, tanto en grupos tradicionais como noutro tipo de formacions, xa que as modas pasan pero o espírito musical queda.

- Entendemos que o concepto estético das bandas contradícese co lirismo musical de Galicia, xa que o concepto estético baseado na disciplina non cuadra co carácter da gaita galega. Aínda que na definición da palabra banda só se especifica formación de instrumentos de vento -madeira ou metal- e percusión, as formacions que, co nome de banda, anteceden ás bandas de gaitas, desenvolven as características de uniformización e disciplina.

En conclusión afirmamos que o concepto de "banda de gaita" non está definido nestes intres, xa que baixo esta denominación estamos a referirmos a agrupacions que manteñen as características más definitorias da esencia das nosas tradicións musicais, ata agrupacions que se afastan da tradición totalmente, empregando fórmulas e características de agrupacions preexistentes, como bandas de cornetas e tambores, bandas de música ou bandas de gaitas de outras culturas. As agrupacions que se axustan á tradición denominárlanse Escola, mentres permanecerían co nome de banda aquelas que empreguen esquemas diferentes e non propiamente galegos.

Esperamos que este manifesto servía como punto de referencia e partida para un diálogo abierto e sincero co fin de acordar un entendemento entre os músicos que empregamos a gaita como alicerxe da nosa música.

Fernando Dopico Blanco

Presidente da Asociación Galega de Bandas de Gaitas

EN REPRESENTACIÓN

Hipólito Cabezas Gómez

José María Pérez Gómez
PRESIDENTE
DA
A.G.B.B.G.G.

17-XII-95

Presidente da Asociación de Bandas de Gaitas de Pontevedra

Hipólito Cabezas Gómez

CB

Luis Enrique Correa Piñeiro

M.º Xosé López Villar

Carlos Luis Peixoto Losada

Colectivo de Galteiros Galegos con Conciencia

Luis Correa

La Región

Atlántico

La Voz

ET

MUNDOD

CALICIA

El Correo

FARO DE VIGO

Tregua entre "Gaiteiros con
Conciencia" y federación de bandas

DEL SIGLO VEINTIUNO